

CONCURSO SENDA VERDE CICLISTA

"Movémonos por Lugo"

ENTIDADE ORGANIZADORA

O Concello de Lugo (en diante a Entidade Organizadora) organiza do 14 ao 23 de abril de 2023, un sorteo-concurso gratuíto titulado "Senda Verde Ciclista: movémonos por Lugo" co obxectivo de fomentar o uso da bicicleta na cidade.

PARTICIPACIÓN

- A participación implica a aceptación expresa e sen reservas destas bases.
- Poderá participar calquera persoa física empadroada no municipio de Lugo.
- Descartarase calquera inscrición errónea ou incompleta e a participación declararase nula; ao igual que se se detectan multiplicidade de inscricións ou fraude.
- Cada persoa só poderá conseguir un máximo de 4 participacións, tendo en conta que as fotografías deberán realizarse en puntos diferentes.

PREMIOS

- **Categoría adultos (maiores de 14 anos):**

Vale por un importe de 2000 euros que se poderá intercambiar por material de ciclismo (bicicleta, roupa deportiva...) nalgún dos pequenos comercios da cidade incluídos no listado de tendas de bicicletas elaborado desde a Mesa Observatorio no marco do Centro de Promoción da Bicicleta.

- **Categoría infantil (14 anos ou menos):**

Vale por un importe de 500 euros que se poderá intercambiar por material de ciclismo (bicicleta, roupa deportiva...) nalgún dos pequenos comercios da cidade incluídos no listado de tendas de bicicletas elaborado desde a Mesa Observatorio no marco do Centro de Promoción da Bicicleta.

DESENVOLVEMENTO DO CONCURSO E ENTREGA DE PREMIOS

- Entre o 14 ao 23 de abril de 2023, ambos inclusivo, instalaranse na Senda Verde Ciclista 12 pegatinas (podes consultar o mapa da senda na web www.lugoenbici.gal). **Para participar no sorteo deberás atopar 3 adhesivos, facer unha foto túa, coa túa bici, con cada un deles** (é importante que se distinga claramente o adhesivo do concurso, recorda que os puntos debén ser diferentes para poder acceder ás participacións).

Para conseguir unha participación deberás escanear o código QR e cubrir a folla de inscrición na que deberás subir as 3 fotografías. Poderás conseguir un máximo de 4 participacións, tendo en conta que non se poderán repetir as fotografías enviadas para a túa participación no concurso.

Poderás enviar as fotografías ata o 23 de abril ás 23.59 horas.

- Imprime as participacións que enviaremos ao teu correo e achégate o mércores, 26 de abril das 16.00 ás 20.00 h. á mesa que instalaremos na praza da Ronda do Carme para que poidas introducir as túas participacións na urna do sorteo.
- **O sorteo realizarase nesta mesma praza ás 20.30 h. É imprescindible acudir a esta hora para poder recoller o teu premio.** No caso de que a persoa ciclista non estea presente no momento que se anuncie, sacarase outra participación gañadora ata que apareza a persoa premiada.
- Os premios son nominativos e non poden ser vendidos, comercializados ou cedidos a outras persoas.
- Non se poderá impugnar a atribución de premios, nin solicitarse o seu valor monetario, nin modificarse, nin substituírse.
- As persoas gañadoras autorizan ao CONCELLO DE LUGO a reproducir e utilizar o seu

nome e apelidos e outros datos en calquera actividade publi-promocional relacionada coa promoción en que resultou gañador sen que dita utilización lle confira o dereito de remuneración ou beneficio algún con excepción feita da entrega do premio gañado.

ENTREGA DAS BASES

Estas bases poderán consultarse en calquera momento na páxina web www.concellodelugo.gal e en www.xuventudelugo.gal.

PROTECCIÓN DE DATOS

Consultar en www.concellodelugo.gal/gl/aviso-legal